

NOVIEMBRE 2024



# LUGÍN

ASOCIACIÓN DA PRENSA  
DA CORUÑA



## Historias da radio

Radio Barcelona iniciou as súas emisións en novembro de 1924. Aínda habían de pasar nove anos para que a radio chegara a Galicia. Neste 2024, celebramos cen anos de información e entretemento dedicándolle o Premio Pérez Lugín ao centenario da radio.



NOVIEMBRE 2024

# LUGÍN

ASOCIACIÓN DA PRENSA  
DA CORUÑA

04

06

08

14

## Historia

O xornalista Domingo González, autor do libro “La radio informativa en España. De la censura a la libertad” analiza nesta reportaxe a evolución deste medio

## Convocatoria

A Asociación da Prensa da Coruña dedica o Lugín ao centenario da radio

## Reportaxe

Radio Rabadeira, Radio Oleiros, Cuac FM ou A Radio dos Gatos son exemplo de como a radio pode ser fonte de aprendizaxe ou de integración social

## Futuro

Miguel Longo fai un percorrido pola historia do podcast e fala dos representantes históricos deste formato en Galicia



**Edita:**  
Asociación da Prensa da Coruña.  
Durán Loriga, 10 - 4ª.  
15003 A CORUÑA.

**Presidenta:**  
Doda Vázquez Iglesias

**Vicepresidenta:**  
Amalia Baltar Estévez

**Tesorera:**  
Gemma Castiñeira Sobrido

**Secretaria:**  
Luisa López Gutiérrez

**Vocales:**  
Noela Rey Méndez,  
Miguel Gómez-Longo  
y María Salorio

## A Radio: cen anos de compañía

04-05

## A Asociación da Prensa da Coruña dedica o Lugín ao centenario da radio

06

## Intrahistorias de A Radio Conta

07

## A radio que nos une

08-10

## Radio Coruña cumpre 90 anos

11

## Os retos da radio coruñesa en cinco preguntas

12-13

## O podcast, un vello coñecido que vive o seu momento de gloria

14-15

# A Radio: cen anos de compañía

Domingo González

Periodista. Autor do libro *La radio informativa en España. De la censura a la libertad*. Salamanca: Editorial Comunicación Social, ediciones y publicaciones (2023).

## A radio chega a España en novembro de 1924 e a Galicia en xaneiro de 1933

A radio española está de aniversario. Cumpre un século. Son cen anos de compañía, de comunicación, de entretemento, de información e, tamén, de formación.

Radio Barcelona (EAJ-1) é, oficialmente, a primeira emisora que emite en España. Inicia as súas emisións regulares o 14 de novembro de 1924. É a primeira que consegue a correspondente autorización administrativa.

A radio chega a Galicia - e, en concreto, a Santiago de Compostela - en 1933. O 15 de xaneiro inaugúrase Radio Galicia, a decana das emisoras galegas. Radio Coruña, fundada por Francisco Hervada García-Sampedro, estréase o 15 de marzo de 1934.

Radio Nacional de España elixe A Coruña para abrir a súa primeira emisora na nosa comunidade. Comeza a emitir o 30 de maio de 1940. Desde ese día e ata o sete de setembro de 1963, utiliza un centro emisor portátil, de 20 kilovatios de potencia, doado por Hitler a Franco. A emisora, montada en catro camiões e catro remolques, instálase no monte de Santa Margarita. Trátase do mesmo centro emisor co que se funda RNE, en Salamanca, o 19 de xaneiro de 1937.

O edificio A Terraza acolle os primeiros estudos da radio pública na capital coruñesa, edificio no que continúan actualmente, logo dunha peregrinaxe pola rúa Emilia Pardo Bazán e pola casa das cigarreras, en Catro Camiños.


Radio La Coruña é o nome co que foi bautizada RNE, pero moi pronto pasa a denominarse Radio Nacional de España en La Coruña.

Logo vai cambiando de nome e, desde a década dos oitenta do século pasado, o seu indicativo é Radio Nacional de España en Galicia.

### Da censura á liberdade

Cen anos, como di o tango, non son nada, pero este primeiro século de vida non foi, precisamente, un camiño de rosas para a radio española. Todo o contrario. Estivo sometida a censura previa durante máis de 38 anos consecutivos: desde outubro de 1939 ata outubro de 1977.

En 1924, cando nace a radio, España é unha ditadura. Goberna un militar: Miguel Primo de Rivera. Hai censura e preto do 50 por cento dos case 22 millóns de habitantes é analfabeto.



”  
Coa chegada da Constitución, nace a radio informativa e sen censura



A proclamación da II República, o 14 de abril de 1931, é un sopro de aire fresco para a radio e para a prensa. A Constitución de 1931 suprime a censura. Pero a convulsión política e social que vive España neste período obriga os distintos gobernos a aprobar leis para controlar o malestar social. A Lei de Defensa da República e a Lei de Orde Pública son dous exemplos.

A aplicación destas leis choca frontalmente cos dereitos dos cidadáns, recoñecidos na propia Constitución de 1931, incluído o dereito á información.

Durante a guerra civil, a radio é un arma de guerra máis: a información convértese en propaganda. Nos dous bandos. Franco coñece a súa influencia e a empra desde o primeiro día do golpe de estado. Por certo, a radio é o primeiro medio de comunicación que anuncia o alzamento militar contra o goberno da República.

Franco gaña a guerra e, seis meses despois, en outubro de 1939, impón a censura previa na radio. Desde ese momento, ningunha emisora pode emitir unha noticia sen a autorización dos censores do réxime.

Ademais, o decreto que autoriza a censura previa entrega o monopolio da información nacional e internacional a Radio Nacional de España. Todas as emisoras teñen que conectar, obrigatoriamente, cos Diarios Hablados de Radio Nacional,

co Parte, como se coñecía popularmente. Comezaba unha longa noite de Pedra para a radio no noso país.

Franco morre en novembro de 1975, pero a censura na radio segue en vigor ata outubro de 1977. A Constitución de 1978 suprime a censura previa.

Recuperados os dereitos á información e á liberdade de expresión, todas as emisoras queren emitir os seus propios informativos. Xa non é obrigatorio conectar co Parte de RNE. Nace a radio informativa, que substitúe a radio de entretemento do franquismo. Créanse novos programas e fúndanse novas emisoras.

### A Pirenaica, a voz dos antifranquistas

¿Como se decatában os españois do que pasaba en España e no mundo durante os case 40 anos de censura radiofónica? Escoitando emisoras de radio estranxeiras. Sintonizaban - os que podían - a BBC, Radio París, Radio Moscú ou A Pirenaica.

Radio España Independiente, coñecida popularmente como A Pirenaica, era unha emisora clandestina que emitía desde fóra do territorio español: primeiro desde Moscú e despois desde Bucarest. Comezou as súas emisións en xullo de 1941 e apagou os seus micrófonos en xullo de 1977.

A Pirenaica, creada polo Partido Comunista de España, era, pois, unha emisora

de parte. O seu obxectivo era contrarrestar a información e a propaganda do réxime de Franco. O que contaba A Pirenaica preocupaba ás autoridades e mesmo chegou un momento no que unha persoa podía ser detida polo simple feito de escoitar a emisora.

### Cen anos despois, a radio goza de boa saúde

Cen anos despois, a radio española está máis forte ca nunca. Ten audiencia, credibilidade e influencia social. Nin a televisión, nin internet, nin as plataformas de streaming, nin as redes sociais acabaron con ela.

Cen años despois, a radio española ten unha audiencia millonaria: 22.971.000 persoas a escoitan diariamente, segundo o Estudio General de Medios (EGM) correspondente a segunda Ola de 2024.

Cen anos despois, a radio segue a ser unha ventá aberta ao mundo. Unha ven-

tá que informa e acompaña. En moitos casos é, tamén, o medio, xunto a televisión, que axuda a soportar a soledade non desexada de miles de persoas. Nas cidades e no rural. A radio é unha voz amiga a calquera hora do día e da noite.

Pero a radio é un medio de comunicación de masas singular. Ten unhas características que a fan única e diferente. Posúe unha linguaxe propia. Non respectar a linguaxe radiofónica -ou negar a súa existencia- pode facer a mensaxe inintelixible.

Na radio hai que falar para que os oíntes nos entendan. Hoxe, lamentablemente, calquera fala na radio e, ademais, faino como lle dá a gana. Hai que respectar, sempre, os códigos propios da radio. Non facelo -e é escandalosamente frecuente- pode carrexar moitos problemas. Pero hai un gravísimo: que os oíntes non nos entendan. Non podemos esquecer que o ser humano só conta co sentido do oído para escoitar o son da radio.

”  
Cen años despois, o mellor da radio aínda está por chegar

# A Asociación da Prensa da Coruña dedica o Lugín ao centenario da radio

A Asociación da Prensa da Coruña convoca a LXXXIV edición do premio Pérez Lugín que nesta ocasión ten como tema: *Cen anos de radio*



FOTOGRAFÍA: CASTELEIRO

O xurado deste ano estará conformado por representantes das cadeas que emiten na Coruña

Con motivo do centenario do xurdimento do medio de comunicación non soamente o tema da convocatoria será a radio, senón que ademais o xurado estará conformado por representantes de cadeas que emiten en A Coruña. Unha edición máis a convocatoria e posterior galardón desenvólvese grazas a colaboración do Concello da Coruña. Os interesados poderán enviar os seus escritos ata o vindeiro 29 de novembro. Trátase dunha convocatoria aberta a todo aquel que o desexe, pero soamente poderán presentar un traballo, enmarcado en calquera xénero periodístico. Os traballos deberán ser inéditos e estar escritos indistintamente en galego ou castelán, cunha extensión máxima de 5.100 caracteres.

derán ser enviados por mail cun enderezo electrónico creado co pseudónimo baixo o que se presenta o autor e co mesmo lema no asunto. O autor non debe identificarse de ningún modo ou o traballo quedará automaticamente eliminado. O envío do mail non exime de remitir o sobre co traballo en papel cos correspondentes sobres que si identifican ao autor.

O premio para o traballo gañador será unha figura de Sargadelos, así como 3.000 euros. O acto de entrega ao galardoado será no no Concello da Coruña, entidade que a súa vez colabora na realización desta convocatoria.

## Historial do Pérez Lugín

En 2024 o Premio Pérez Lugín acada a súa edición número 84. En 1936, a viúva do xenial escritor da Casa da Troya creou unha fundación co nome do seu marido, dotándoa dun capital, depositado no Banco Pastor, con cuxos intereses debería concederse o premio, segundo rezaba textualmente “ao mellor traballo literario que se presente sobre un tema de Galicia enxalzando a mesma”. Posteriormente, no 1941, creouse o premio e o gañador da primeira edición foi Eduardo Pérez Hervada. Desde entón obtivérono destacados xornalistas e escritores. A listaxe inclúe a Ezequiel Pérez Montes (1963), Emilio Quesada (1964) ou Ángel Padín (1999).

Nos últimos anos, os gañadores foron Rodri Suárez (2019), Suso Martínez (2020), Javier Quintana (en 2021, aínda que tamén o gañou en 2009), Xavier Lama (2022) e Toni Silva (2023). A primeira muller galardoada co Pérez Lugín foi Mercedes Modroño (1989), á que sucederon Cristina Amenedo (1995), Lola Roel (1996) e María del Rosario Martínez Martínez (2007).

## Presentación dos traballos

As obras deberán ser enviadas en papel por correo certificado e en soporte informático (formato Word ou PDF), á Asociación da Prensa da Coruña, en sobre pechado e ao seguinte enderezo C/ Durán Loriga, 10-4. 15003, A Coruña. O sobre levará un pseudónimo, un lema e a indicación “Premio Pérez Lugín”. No interior irá un segundo sobre, có lema e o pseudónimo do exterior, no que se incluírán os datos do autor (nome e apelidos, enderezo y teléfono de contacto) e un breve currículo. Os traballos tamén po-

*Son intrahistorias de A Radio Conta, un proxecto único, nacido da paixón pola radio e da solidariedade de decenas de profesionais dun medio que cumpre cen anos*

## Intrahistorias de A Radio Conta

Manolo Rodríguez

Podería ser unha inocentada. O día era o axeitado: 28 de decembro de 2013. En todas as radios de A Coruña comezou a soar a voz de David Perdomo. “¡iNeno!...”. Semellaba unha broma pero era real. Quizais os únicos inocentes eran aquel puñado de profesionais que querían reivindicar a proximidade da radio. Se aquel mítico 30 de outubro de 1938 a emisión de *La guerra de los mundos* sementou o pánico, esta vez tratábase de sementar solidariedade. Risas. Emoción. Comezaba así A Radio Conta, esa pioneira iniciativa radiofónica e solidaria das radios públicas e privadas da Coruña.

O programa soou ese día pero as raíces viñan de moi atrás. Quizais de cando unha cría de poucos anos compartía un segredo co seu avó: escoitaban xuntos a radio. Chus Castro non entendía nada, pero intuía que algo pasaba porque o rostro de seu avó era de preocupación. “Ti non digas nada. É o noso segredo”, comináballo agarimosamente. E ela calaba. Outras veces viñan os veciños da aldea. “Imos escoitar o Parte”. Entón, seu avó exercía de anfitrión e escoitaban as novas de Radio Nacional.

Os Diarios Hablados “son o Parte que aínda perdura no imaxinario colectivo de moitos españois. Comezan a se emitir en 1939 e mantéñense ata outubro de 1977”. Isto conta Domingo González, un dos cincuenta profesionais que participan en A Radio Conta, no seu libro *La radio informativa en España. De la censura a la libertad*. Esa liberdade permitiu saber que avó e neta escoitaban Radio Pirenaica. Era o seu segredo. Ao igual que, lembra outro dos integrantes de A Radio Conta, a finais dos anos 70 do século pasado, cada noite, seu tío Daniel sintonizaba Radio Francia Internacional para escoitar como nos vían desde París.

Son vivencias que foron aboando a paixón pola radio, por contar historias e fomentar a solidariedade. Chus Castro (Radio Galega) e Luis Llera (Onda Cero) concretaron esa paixón, transmitíndolla a súa contorna profesional e así naceu A Radio Conta.

“Pero vós sodes conscientes do que estades facendo?”. A pregunta foi dunha sorprendida Mabel Rivera, actriz, gran dama do audiovisual galego, cando participou en A Radio Conta para, entre outras cousas, falar do seu papel na serie *Rapa*. É un só exemplo das decenas de artistas que, dun xeito desinteresado, participaron nun programa de tres horas que en 2024 chega á súa undécima edición. A todos lles sorprende a iniciativa.

A emisión volve coincidir coa data inicial: o 28 de decembro. É o que ocorreu hai cinco anos. Entón, nunha das xuntanzas previas, que darían para un serial de sonos, ideas imposibles, propostas disparatadas e imaxinación, Luis Llera apuntou con toda normalidade: “E se comezamos o programa polo final?”. Sorpresa. Desconcerto. ¿Como é iso? O programa dese ano comezou polo final, con Moncho Viña, presentador habitual, despedíndose coma se xa pasaran as tres horas. Nese momento Xosé Antonio Touriñán, outro dos entusiastas colaboradores habituais, interrompeulle para dicir que non se escoitara nada e, polo tanto, había que repetir o programa.

Touriñán e Moncho Borrajo comezaron a buscar entre o público do teatro Rosalía a quen podía facer o programa de novo. Alí estaba o guionista Óscar Cruz, que nas últimas edicións escribiu diversos textos para escenas de teatro radiofónico nas que non faltou unha sobre a serie televisiva *Falcon Crest* coa mesmísima alcaldesa, Inés Rey, interpretando a malvada Angela Channing.

*No ano 2024, o Premio Pérez Lugín, creado pola viúva do periodista, chega á súa edición número 84*

# A RADIO QUE NOS UNE

*Todos escoitamos falar algunha vez da 'maxia da radio' e a realidade converte en certa esta expresión.*

*Unir as persoas, ser fonte de aprendizaxe e crecemento persoal, servir de elemento democratizador ou fonte de integración social son algúns dos logros que se poden acadar a través deste medio.*

*Radio Rabadeira, Radio Oleiros, Cuac FM ou a Radio dos Gatos son un claro exemplo deste poder*

## Radio Rabadeira: os pequenos toman a palabra

**Tania Porta**

No CEIP A Rabadeira de Oleiros poderíase dicir que é o alumnado quen leva a voz cantante e todo grazas á súa emisora de radio. Esta iniciativa enmárcase dentro dun programa impulsado pola Xunta e que contou ademais co apoio da Fundación Paideia.

Tras unha porta onde se pode ler nun cartel 'Radio na Biblio', atopamos un estudo que podería pertencer a calquera emisora convencional. Os seus locutores, pese a súa corta idade, nada teñen

que envexar aos profesionais sobre todo en ilusión e implicación. Unha actividade 'extra' na que o alumnado de 5º e 6º de primaria participa de xeito voluntario e que "non serve para subir nota", como explica Ana Perandones, directora do centro. De feito, a redacción de guións, preparación de programas, gravacións... todo se fai en tempo de lecer, nos recreos ou ao saír do cole. Pese a isto, sorprende a altísima participación, que chega ao 50 por cento.

"O alumnado participa con moita ilusión. É unha motivación para eles que axuda a mellorar as súas habilidades lingüísticas pero tamén a superar o medo a falar en público, entre outras cousas", salienta o coordinador da radio escolar, José Luís Río. E, se isto non fora suficiente, serve como nexo de unión no cole en xeral. Unha interrelación que traspasa os límites do centro educativo, xa que manteñen contacto coa radio municipal emitindo, de xeito puntual, a través de Radio Oleiros.

Unha radio chea de actividade na que son os propios nenos e nenas os encargados de manter informada á comunidade educativa con información de concursos, actos no Nadal, Entroido, programas especiais... toda a vida do cole pasa polos micros de Radio Rabadeira.



**Radio Rabadeira**

Nesta emisora escolar participa de forma voluntaria o alumnado de 5º e 6º de Primaria do CEIP A Rabadeira de Oleiros

*Radios escolares, municipais ou asociativas poñen o medio ao servizo da cidadanía*



**Radio Oleiros**

Radio Oleiros é a emisora municipal máis antiga de Galicia e unha das primeiras no ámbito estatal

## Radio Oleiros: a radio "da casa"

Pode que moita xente non o saiba pero cando nomeamos a Radio Oleiros estamos a falar da emisora municipal máis antiga de Galicia e unha das primeiras a nivel estatal. O 25 de xullo de 1980, Manolo Rivas senta diante dos micrófonos da que por aquel entón se chamaba Radio As Mariñas, cunha emisión que, por certo, foi en galego. Uns escasos 40 minutos que rematan de súpeto coa entrada da Garda Civil e co precinto de todos os equipos. A culpa, o baleiro legislativo existente nese momento a nivel galego, algo que non ocorria noutros lugares como Cataluña, onde as radios municipais emitían con normalidade. Houbo que esperar ata 1986 para retomar a emisión, xa baixo o nome actual, Radio Oleiros.

A súa cobertura abarca todo Oleiros e zonas limítrofes chegando a uns 45.000 habitantes. Conta cunha ampla e variada programación que sacan adiante o seu director, París Joel, e o seu compañeiro, Jacobo Castro, xunto con persoas que colaboran de xeito voluntario e altruista por simple "amor a radio". Avances informativos e deportivos cada hora onde se recolle toda a información local, a axenda cultural do municipio, un programa de divulgación literaria, un espazo de información sobre emprego, un magazine musical, e ata un programa de autoaxuda e superación persoal dirixido por unha 'sico terapeuta transpersoal'. Unha programación na que a veciñanza ten moito que dicir

xa que a través de consultas que se lanzan desde o Concello manifestan as súas preferencias ou fan peticións de programas novos. É o caso do faldadoiro que teñen previsto estrear proximamente.

"Recibimos chamadas a diario de persoas contándonos os seus problemas, as súas reivindicacións. Nos casos de conflito laboral, somos os primeiros aos que chaman porque nos sinten como o medio máis próximo e temos que responder coa mesma proximidade", explica París Joel. Unha emisora que se podería definir como "a radio da casa", feita por e para os veciños onde os seus logros, problemas ou inxerencias marcan a actualidade.

## Radio dos Gatos, por e para a igualdade

Se falamos do poder máxico da radio, non podemos deixar de nomear a Radio dos Gatos, emisora creada por Aspace Coruña que inaugurou emisión o 18 de febreiro de 2011 e que conta para a súa realización cun equipo de 22 persoas con parálise cerebral que, grazas ao uso das novas tecnoloxías e sistemas alternativos de comunicación, logran pulverizar calquer tipo de obstáculo. Gañadora do Premio Nacional Romper Barreras en 2011, nestes case 13 anos logrou o respaldo dos medios de comunicación con intervencións en programas como La Ventana de Gemma Nierga, na Revista da Fin de Semana da TVG, no encontro dixital de La Opinión A Coruña ou a participación no evento de A Radio Conta, entre outras.

Máis de 540 programas nos que se ofrece información pero tamén entrevistas a persoas relevantes de todos os ámbitos. Contan incluso cun programa especial de eleccións municipais con representación de todos os partidos que se presentan no Concello de Sada, municipio que alberga as instalacións da asociación.

Una iniciativa que permite aos seus integrantes participar en condicións de igualdade dunha actividade pola que, ademais, senten paixón. Un exemplo de integración e superación que evidencia que os límites desaparecen cando o que sobran son ganas. A Radio dos Gatos, bautizada así en referencia a aquilo de “sete vidas ten o gato” e que seguramente no seu caso serán sete ou máis.



### Radio dos Gatos

Creada por Aspace e realizada por un equipo de 22 persoas con parálise cerebral, A Radio dos Gatos foi merecedora do Premio Nacional Romper Barreras



### Cuac FM

Nacida ao abeiro do mundo universitario, CUAC FM ten como misión a creación, promoción e execución de todo tipo de actividades culturais e artísticas

## Cuac FM, 28 anos emitindo coa cidadanía

O 27 de maio de 1996, un grupo de universitarios que participaban no Club de Prensa da UDC daban luz verde a Cuac FM, unha radio privada, sen ánimo de lucro e cun fin social: a creación, promoción e execución de todo tipo de actividades culturais, artísticas e recreativas. “A nosa misión é dar voz a quen non a ten”, resume Mariano Fernandez Cabarcos, un dos fundadores.

Unha radio na que participan persoas físicas e xurídicas cun funcionamento participativo e horizontal a través de asembleas das coordinadoras e grupos de traballo. Todo o que se fai é desde á colaboración e o voluntariado. Sen xefes nin persoal contratado. Unha emisión en directo e continuada os 365 días. 28 anos e máis de 500 programas grazas ao traballo de centos de persoas e innumerables convidados, que de xeito altruista apostaron por sentarse diante dos micros de Cuac FM co firme propósito de defender a liberdade de expresión, permitir o libre acceso aos medios de comunicación á cidadanía e loitar por lograr unha sociedade máis xusta e participativa.

# Radio Coruña cumpre 90 anos

## Marcos Sanluis López

Hai 90 anos comezou a aventura de Radio Coruña. Unha historia que ti, como oínte, fixeches posible. Era o 15 de marzo de 1934. Ese día, dende o número 3 da rúa Fontán da Coruña, Nieves Navarro, Loló, pronunciou as primeiras palabras nesta emisora.

Loló deu voz ao proxecto que Francisco Hervada García Sampedro iniciou dous anos antes, un emprendedor ao que todos na cidade coñecían como Pancho. Adoitaba comía no Palace Hotel. Un día viu un home que non lle parecía familiar, pero que chamou a súa atención. Pedíulle ao camareiro que os presentase. E resultou ser un representante de Marconi que buscaba un socio local para crear a primeira emisora de radio da Coruña. Unha casualidade lanzou a emisión de radio na cidade, co selo tan claro do seu fundador que a emisora sería coñecida popularmente como Radio Pancho.

Cando Nieves Navarro pronunciou aquel “Aquí EAJ41”, na provincia da Coruña só había 762 aparatos de radio. Radio Coruña foi a primeira emisora da cidade e a número 41 de toda España. Que fose un negocio aínda estaba lonxe. Pero Pancho deuse conta do potencial que agochaba esa tecnoloxía. “Creo que a radio -dixo naquel momento- é un medio que ten un futuro espléndido e que está chamado, se se utiliza correctamente, a promover valores valiosos para a comunidade nos ámbitos da cultura, da arte, da ciencia e da formación do cidadán. E para que así sexa, prometo solemnemente que non regatearemos esforzos. Os nosos programas estarán ao servizo da Coruña, de Galicia e de España.

Pancho estableceu así os valores dun medio de comunicación que seguen vixentes 90 anos despois. Rafaela Hervada Carnerero, a filla de Pancho, que daquela só tiña 16 anos, mirouno con curiosidade adolescente. Aínda non sabía que sería unha figura clave naquela aventura.

Rafaela escoitaba as retransmisións das probas nas que se repetía incesantemente a Zarzuela Bohemios, un disco ao que nunca se lle daba á volta. Así que nunca soubo como rematou a historia.

Aquela moza comezou o seu propio camiño, que tamén se convertería en historia. Estudou Dereito na Universidade de Santiago. Na clase só había dúas mulleres.

E converteuse na primeira coruñesa en rematar esta carreira.

A xoven Rafaela aprendeu do seu pai a capacidade de moverse ata que atopaba unha solución aos problemas que xurdían no medio daquel soño. Na Segunda Guerra Mundial, por exemplo, o réxime cortou as emisións de Radio Coruña por interferir nunha estación de espionaxe nazi que fora instalada nuns camiños do parque de Santa Margarita. Pancho foi a Madrid en varias ocasións e finalmente, despois de moito tempo, conseguiu que Radio Coruña retomara as súas emisións.

Posteriormente, en 1949, Pancho tomou a decisión que marcaría todo o desenvolvemento posterior da estación, asociarse á Cadena SER. Rafaela viviu todo case de primeira man porque coíndaba do seu pai, que padecía unha enfermidade. E iso levouna a ocuparse tamén da radio e a deixar as oposicións a Rexistros que estaba a preparar.

Sabía que nalgún momento tería que tomar a batuta. En 1964 morre Francisco Hervada. A súa filla converteuse na primeira directora dunha emisora de radio en España.

Tivo que lidar coa censura, que evitou en moitas ocasións con astucia, e tivo que tomar decisións. O 23F, como ela dixo, cortou polo san. Decidiu conectarse todo o día coa Cadena SER. E iso permitiu aos coruñeses saber o que pasaba en Madrid.

Oito anos despois, en 1989, entregou o bastón de mando ao seu sobriño Ángel Gómez Hervada, que só tiña 28 anos. A modernización da emisora comezou alí poñendo as bases da Radio Coruña que hoxe coñecemos. De feito, tres anos despois asumiu a dirección de Cadena Dial de Ferrol. Nesta etapa, en 1999, tamén comeza a emisión de Radio Nordés, que levaría o son da SER á Costa da Morte. Radio Coruña avanzou así nunha visión estratéxica que une estas tres grandes áreas da provincia. E desenvolveu as musicais con LOS40, LOS40 Classic e Cadena Dial.

En 2009, no 75 aniversario da emisora, o Concello concedeu a Radio Coruña a medalla de ouro da cidade. Javier Losada era o alcalde. Foi o último acto no que participou Rafaela Hervada, falecida en febreiro de 2010. A súa sobriña Victoria Gómez Hervada pasou a ser presidenta

## Cando Nieves Navarro pronunciou aquel “Aquí EAJ41”, na provincia da Coruña só había 762 aparatos de radio



Rafaela Hervada tomou as rendas de Radio Coruña tras a morte do seu pai, Francisco Hervada, e foi a primeira directora dunha emisora de radio en España

de Radio Coruña. O 20 de novembro de 2017 o cancro acabou coa vida de Ángel Gómez Hervada, nomeado fillo predilecto da cidade a título póstumo en 2018. Tras un período de transición, Borja Bejerano toma o relevo como director da emisora. Aquel que de pequeno sempre corría pegado a Rafaela e á radio poñíase á fronte da emisora que hoxe coñecemos.

Non houbo ningún suceso na cidade e arredores do que Radio Coruña non informase. E iso significou ás veces ter que soportar unha presión importante. Non faltou o compromiso inquebrantable co desenvolvemento da área coruñesa e pola defensa dunha información veraz, plural e independente, para relatar os grandes acontecementos pero tamén para acompañar ao oínte no seu día a día. Para contribuír ao desenvolvemento económico e á apertura social. 90 anos nos que Radio Coruña reivindicou a radio e sobre todo a radio local, como destacaron no 50 aniversario de A Coruña Opina, Aimar Bretos, director de Hora 25, e Montserrat Domínguez, directora de contidos da Cadena SER, que cumpre o seu centenario, 100 anos desde o inicio das primeiras emisións radiofónicas, as de Radio Barcelona. Este, e os oíntes, son os únicos compromisos do Grupo Radio Coruña. Antes, agora... SEMPRES.

# Os retos da radio coruñesa en cinco preguntas

## Sete periodistas históricos cóntannos as súas impresións sobre a historia e o futuro das ondas

Con motivo do centenario da Radio en España e dos 90 anos de Radio Coruña, pedimos a sete profesionais da radio coruñesa que nos respondan a cinco preguntas: Como ves a saúde da radio tras os seus primeiros 100 anos de vida?; Cal é a túa perspectiva e a do teu medio da radio local na Coruña?; Que significou a túa emisora na historia da radio na Coruña?; Cal consideras os principais retos do presente e do futuro da radio?; Como ves o papel da radio no mundo multimedia e á carta no peto de cada persoa?

Estas son as súas respostas.

### Jesús Sobrino. *Radio Marca*

1. No perfil de persoas de máis de 30 anos, este medio segue tendo unha nota alta porque segue formando parte do día a día de moitísimas persoas ao ter a vantaxe de que se pode compatibilizar con outras tarefas. O problema está coa xente nova, que non ten a rutina das xeracións anteriores, non está afeita desde nenos a consumir radio.

2. O máis próximo é o que máis lle interesa ao oínte fóra das grandes polémicas. A información do que pasa no teu barrio, na túa cidade, en todos os ámbitos. En canto á nosa perspectiva, non teño ningunha queixa a nivel das xanelas locais porque creo que no fondo espremémolas ao máximo.

3. Pois me parece que tapamos un oco que existía desde a nosa chegada no ano 2003 aquí a Coruña. O feito de que haxa unha que lle dedique un mínimo de dúas horas e media ao día a todo o deporte da cidade supuxo aire fresco para unha cidade moi deportiva.

4. Aquí hai varias cousas, unha é o reto como empresas radiofónicas: as empresas fixéanse moito na conta de resultados, pero teñen que ser conscientes de que hai que manter as apostas polos medios técnicos e humanos. Outra é a de competir contra as novas plataformas de comunicación, que cada vez son máis e que, en ocasións, “substitúen”.

5. Paréceme que se adaptou bastante ben ao feito de ter novas opcións para que te poidan escoitar. Antes só primaba a inmediatez e o contido tiña unha vixencia moi determinada. Agora non só se pode escoitar tamén o directo en liña, senón que moitos escoitan programas noutros momentos posteriores.

### Xosé Manuel García. *RNE*

1. A radio, coma sempre, goza de boa saúde. Moitas veces se puxo en cuestión o seu futuro e nas súas distintas

fórmulas segue tendo millóns de oíntes. E máis agora que os medios técnicos permiten escoitala dende calquera sitio, sen depender dos antigos repetidores de sinal, e a horas distintas á súa emisión en directo.

2. O máis próximo, desde sempre, é o que máis capta a atención. Por iso a información local tivo é ten unha gran aceptación entre os oíntes.

3. Desde 1937, ano do seu nacemento no parque de Santa Margarida, Radio Nacional de España está vinculada a Galicia. É a única radio xeralista que ten a súa cabeceira territorial na cidade da Coruña.

4. O principal reto é vincular ás novas xeracións a este medio. A clave está en que a radio teña presenza nas redes sexa a través de podcast ou outras pímulas dos programas que se emite pola fórmula tradicional.

5. A gran vantaxe é que a radio xa permite escoitar algún programa concreto no momento que se queira e desde onde se queira coa única condición de que haxa cobertura de internet.

### Antía Díaz e Pablo Portabales. *Radio Voz*

1. En proceso de cambio. Sempre entendín a radio como un medio supervivente. A pesar da aparición de novos modos de comunicación, sempre resiste por dúas razóns: porque ningún outro medio é capaz de achegar a mesma sensación de proximidade e familiaridade, e porque é máis áxil á hora de detectar o que piden os oíntes, adaptarse e buscar solucións con máis rapidez e

eficacia. A radio acompaña como ningún outro medio, é unha das súas principais fortalezas.

2. Radio Voz dedica máis horas que ningunha outra emisora á radio local, incluídas radios doutras comunidades. Nun mundo global o local ten máis vixencia que nunca. Esta radio local ten futuro, pero fai falta que as empresas de comunicación aposten de maneira decidida polo próximo.

3. Lograr converterse en referencia informativa da radio. Hai 30 anos a radio local eran uns minutos no medio de espazos nacionais e Radio Voz supuxo un cambio de paradigma: os xornais de mañá e os dixitais fanse eco do que a radio acaba de contar en tempo real converténdose nun referente.

4. O principal reto é non perder a perspectiva nin esquecer o que é. A radio funciona porque é proximidade, información e confianza. Hai moitos retos que exceden o tecnolóxico e rozan o ético, como o uso de sistemas de voz creados por intelixencia artificial.

5. Crucial e interesantísimo. Non é de estrañar que grandes grupos mediáticos estean a crear divisións específicas de audio, que cada vez máis periódicos dixitais ofrezan podcasts. Aínda que agora mesmo é posible que esteamos a vivir unha burbulla do formato, nada mellor que a radio para adaptar os seus contidos a formatos adaptados aos gustos dos oíntes e as súas necesidades.

### Yolanda López. *Radio Galega*

1. Cantas veces escoitei que a radio esmorecería...! Á acabar con ela a televisión e, anos máis tarde, as novas canles de difusión, internet... Os datos de 2023 do EGM reflectían que o consumo de radio en España medrara un 5 por cento ata superar os 23 millóns e medio de oíntes. Así que todo indica que a radio segue sendo un medio potente e accesible.

2. As radios locais ofrecen un servizo de proximidade, información do que pasa na nosa contorna, da realidade máis próxima, de lugares que coñecemos, obras que nos afectan todos os días, sucesos... o extraordinario e o cotián de cada día. Ademais, na Radio Galega usamos sempre a nosa lingua, que, creo eu, nos permite transmitir as mensaxes e chegar á audiencia galegofalante dunha forma máis directa e eficiente.

3. A Radio Galega é unha emisora pública. Comezamos as nosas emisións en 1985, así que estamos moi preto de facer 40 anos. O noso obxectivo é contribuir á difusión



FOTOGRAFÍA: CASTELEIRO

da lingua e a cultura de Galicia. Somos unha emisora de servizo público que trata de ofrecer información de actualidade, pero tamén das peculiaridades históricas e tradicións de cada lugar, vila ou cidade.

4. Todas as emisoras de radio, privadas e públicas, dirixen os seus esforzos para estar presentes en todo tipo de plataformas co obxectivo de gañar oíntes dixitais e dar resposta a outras formas de escoitar. O que está pasando é unha converxencia mediática. A radio como medio sonoro está ampliando o seu espazo noutros soportes como o podcast, a radio á carta ou a radio online.

5. A presenza das emisoras de radio nas plataformas dixitais é fundamental debido aos cambios nos hábitos de consumo. Co auxe dos dispositivos móbiles e os servizos de streaming, os usuarios demandan maior flexibilidade para acceder aos contidos en calquera momento e lugar. Un exemplo claro é a evolución do consumo de radio nos coches modernos.

### Eva Iglesias. *COPE Coruña*

1. A pesar de ser un medio centenario, e que a vida cambiou e evolucionou moito neste tempo, creo que a radio goza de moi boa saúde. E creo que saíu máis fortalecida se cabe desde a pandemia do Covid. A radio, nese momento, demostrou ser un medio moi próximo nun momento de illamento, de compañía e de información ao minuto de todo o que estaba a pasar.

2. Un coruñés non só quere estar informado do que pasa no mundo senón tamén do que pasa na súa cidade e aí é onde realiza un labor importante a radio local informándolle de todo aquilo que poida ser do seu interese.

3. Pois unha peza importante da historia da radio nesta cidade. Somos unha das emisoras máis representativas e veteranas da Coruña. Este ano cumprimos 30 anos de emisión local con varios compromisos que son os de todas as emisoras de COPE: rigor e calidade profesional e

servizo á verdade, entre outros. Aos coruñeses achegámoslles ás súas casas o que estaba a pasar na cidade e o que estaba a pasar fóra, pero que tamén afectaba á nosa cidade, escoitamos as súas opinións, xeramos debates sobre cuestións de interese... Somos, en definitiva, unha radio con historia pero tamén parte fundamental da historia da radio desta cidade.

4. En liñas xerais, nun mundo de sobre información, paréceme un reto xa presente no que hai que traballar discernir e seleccionar a información veraz das *fake news*, máis agora coa intelixencia artificial. A radio ten varios retos por diante. Un deles o de ser capaz de captar aos oíntes máis novos que son nativos dixitais e tenden a preferir outras plataformas para informarse á radio convencional. Outro o de atopar o equilibrio entre a esencia da radio e adaptarse á converxencia con outros formatos. E tamén terá que complementarse coa intelixencia artificial sen que se perda a presenza humana. E, en concreto, no caso da radio local, debe e deberá ser máis local e humana que nunca.

5. Vexo á radio adaptándose a ese mundo multimedia e á carta. Non lle quedou tampouco máis remedio. COPE xa ofrece versións en podcast dos seus programas o que permite que o oínte poida descargalos ou escoitalos cando e como queira, en calquera momento. Creo, en definitiva, que a radio está a adaptarse bastante ben a esas circunstancias e que o seu papel nun mundo multimedia e á carta vai seguir sendo relevante.

### Ángeles San Luis. *Onda Cero*

1. Ao longo destes 100 anos, cada vez que entraba nas nosas vidas unha tecnoloxía disruptiva, poñíase en cuestión a supervivencia da radio e, con todo, aquí segue. En boa parte por unha fortaleza que ten a radio e que a diferenza dos demais medios: a relación de proximidade, de confianza, que o oínte establece co seu locutor ou locutora de referencia. Esa proximidade é o feito diferencial da radio.

2. A Coruña é unha cidade, aínda que o faría extensivo a toda a comarca, que quere á radio. Os cidadáns son grandes oíntes e hai moita interacción entre os cidadáns e as emisoras. Hai unha gran oferta radiofónica na Coruña e non sempre sucede así noutras cidades, cada oínte, cada coruñés, pode ter a súa radio. A Coruña é unha cidade de radio.

3. Desde o nacemento de Onda Cero o que tentamos facer todos os días é informar e contar con honestidade o que está a pasar na Coruña e a comarca. E, humildemente, esa é a nosa achega: o noso traballo honesto. Traballamos con esa intención todos os días.

4. En realidade son os mesmos retos aos que se enfronta a sociedade no seu conxunto: a convivencia coas redes sociais ou os retos que trae consigo a intelixencia artificial, algúns dos cales nin tan sequera a día de hoxe somos capaces de prever. E tamén algo que compartimos con todos os chamados medios tradicionais: chegar á poboación máis nova.

5. A radio foise adaptando. É certo que a evolución tecnolóxica vai tan rápido que sempre queda camiño por facer. Nunca chegas á meta, sempre tes que seguir camiñando e adaptándote. Pero este é un reto que non só afecta a radio, senón que afecta a todos os sectores da sociedade.

### José Gerardo Fernández. *Radio Intercoruña*

1. Magnificamente ben. A radio sempre tivo inimigos moi potentes pero que nunca conseguiron apartala da xente. E iso que agora os “inimigos” son realmente potentes: os podcast, a radio e a tele á carta, as playlist musicais etc. Pero unha retransmisión deportiva, un informativo, un acontecemento especial sempre van ter á radio como protagonista e os oíntes detrás.

2. Sempre crin na radio local. Tal vez porque case sempre estiveron relacionado con ela. E en canto á empresa na que traballo é unha radio “especial” pola temática. Hai grupos que se dedican á información deportiva, outros á medicina, algúns ao mundo do corazón... e nós á economía.

3. En sentido xeral a radio en Coruña ten unha traxectoria moi longa, desde 1934, 90 anos. A nosa emisora cumpriu hai pouco 8 anos. Algúns nos augurábons non máis de seis meses. E aquí estamos. Cunha oferta temática que ten os seus seguidores.

4. O principal reto é atopar profesionais que conecten co oínte e sexan capaces de ofrecer contidos novos. Que entreteñan. Que chamen a atención. Que resulten agradables. E a publicidade. O primeiro apoiará o segundo. A “torta” publicitaria é a mesma desde hai moitos anos. Pero os que sentan a “comer” esa torta na actualidade somos moitísimos máis.

5. O da radio no peto é fantástico. Pero á fin e ao cabo é radio. Non en directo. E os que escoitan dese xeito son o que buscamos todos: oíntes. Faime graza cando fan un podcast. Que é un podcast? Unha gravación de alguén, que fala de algo e que busca audiencia. Pero é que iso é o que fixo a radio toda a súa vida.

# O podcast, un vello coñecido que vive o seu momento de gloria

*O nacemento do podcast remóntase a 2004. Naquel momento só era unha innovación tecnolóxica que axudaba ás emisoras de radio a difundir os seus programas en diferido. As estacións publicaban os podcasts na internet e os oíntes descargábanse os programas cando lles apetecía escoitalos*

## Miguel Gómez Longo

O termo podcast foi inventado polo xornalista Ben Hammersley, do prestixioso xornal *The Guardian*, a partir dun xogo de verbas entre iPod, o lector portátil creado pola multinacional norteamericana Apple, e *broadcast*, que significa difusión en inglés.

Non obstante, farían falta dous cambios, un tecnolóxico e outro cultural, para que por fin o podcast calase na sociedade. Así, en 2012, Apple incluíu nos seus teléfonos intelixentes unha aplicación de podcasts que permitía aos amantes desta empresa tecnolóxica acceder aos seus programas favoritos. Dous anos máis tarde, en 2014, un equipo de radio dos Estados Unidos estreou o programa *Serial*, unha emisión en liña de xornalismo de investigación que se convertiu en todo un fenómeno.

*Serial* ofrecía aos oíntes o relato dunha investigación independente sobre a morte de Hae Min Le, unha estudante de secundaria asasinada en Baltimore, en 1999. En cada capítulo desta serie en formato podcast analizábanse aspectos relacionados co caso. No

2000, o exmozo da vítima, Adnan Syed, foi condenado polo crime pasando a cumprir cadea perpetua, mais este documental conseguiu sembrar as suficientes dúbidas sobre a sentenza para que o acusado in-terpuxese un recurso de apelación.

O excéntrico mundo norteamericano non é o único que ten influenciado o basto mercado do podcasting. Desde marzo de 2019, Voxnest, unha empresa especializada en audio, compartía que a progresión máis rápida do número de oíntes de podcasts rexístrase en América Latina, en particular en Chile ou Arxentina. Gran parte da culpa debe atribuírselle a *Radio Ambulante*, o podcast de xornalismo narrativo en lingua española máis importante do mundo.

Ao tempo, este fenómeno foi gañando forza na India, grazas a importantes redes de podcasting como IVM Podcasts. Sirva como exemplo o extinto podcasts *India Explained*, onde se daba, segundo apuntaban con graza, “unha visión refrescante e real de todo o relacionado coa India, dende a política ata as potas a presión”.

Oriente Medio tampouco se quedou de brazos cruzados, pois nesta rexión existen programas tan interesantes e atrevidos como Eib, vergoña en árabe, un podcast de Xordania que pon o foco sobre os tabús sociais, culturais e relixiosos.

Unha rara avis dentro do sector atopámola en China, onde existe o costume de pagar unha cantidade modesta para participar en plataformas de audio interactivas, como Himalaya, na que os usuarios gozan de libros gravados ou até se animan a cantar.

### A xénese dos podcast en galego

Ao falar de podcast, Galicia tampouco se quedou atrás. É que os podcast en lingua galega xa teñen unha nutrida historia. A primeira experiencia coñecida de podcasting en galego, segundo apunta Uxío Broullón nun artigo para o libro *Podcasting. Ti tes a palabra*, atribúeselle a *Plan Galicia*, de Mariano Grueiro. Este primeiro experimento tivo unha única emisión, con data do 1 de xullo de 2005.

Un ronsel que, en outubro dese mesmo ano, quixo seguir *E-music*, un proxecto da radio universitaria coruñesa, Cuac FM. O podcast, ideado por Isaac González, durou dúas tempadas, ata que este finalizou a carreira.

Pronto comezaron a nacer novos proxectos, moitos deles asociados a blogs, a plataforma do momento. Un punto a parte merece *Casatlántica*, da escritora María Lado. Trátase, sen dúbida, dun dos podcast máis importantes entre os pioneiros. Foi o primeiro que gozou de continuidade e usou o aloxamento dos seus arquivos nun site específico para a publicación de podcast. Deste xeito, Lado foi quen de construír un novo espazo para a creación artística, regalando ao oínte rompedores poemas sonoros e visuais. María formaba a miúdo tándem coa poeta Lucía Aldao.

O xenial facer de María Lado animou a outros creadores como Xermán Viluba, que en febreiro de 2006, desde os estudos Grozni, lanzou *Ouveas na noite*, un podcast que lembraba ao feroz estilo das radios clandestinas co



Iago Gordillo é o creador de Recuncho Gamer, un podcast onde se fala de videoxogos cun ton desenfadado co foco posto nos grandes clásicos

obxectivo de repasar a actualidade de Galicia e o mundo con mensaxes de resiliencia.

Un ton máis amable presentaba *Música pirateable* en galego, un programa de Radio Kalimera. En xuño de 2006 comezou a subir as súas emisións á rede como podcast. Emitía só música en galego e conduciano Lara Rozados e Leo i Arremecághona. Todas elas, cada unha no seu estilo, foron as encargadas de preservar o legado deixado por Grueiro.

Na actualidade, todos os podcasts en galego teñen un lugar, Podgalego. Este colectivo, que viu a luz grazas ao empeño de Uxío Broullón, xurdiu como un directorio de podcasts, que aos poucos se foi transformando nunha comunidade de produtores e consumidores ata chegar a cristalizarse como a Asociación Cultural Obradoiro Dixital Galego.

### O rexurdimento dos podcast en Galicia

Semella que o fenómeno do podcast en Galicia chegou para quedar. A súa presenza aumentou en moitos ámbitos e cada vez ten moita mellor acollida entre o público. En parte, “debido á pandemia, que acelerou ou boom, non só a nivel de consumo, se non tamén na súa produción”, como explica Iago Gordillo, responsable de *Recuncho Gamer*.

Baixo ese contexto, en 2020, xurdiu *Recuncho Gamer*, un podcast onde se fala sobre videoxogos cun ton desenfadado, co foco especialmente posto nos grandes clásicos. “Naquela época había moi pouco contido de videoxogos en galego, só tratábanse na revista *Morcego* ou en *Código Cera*, e eu consumía moitos contidos de Youtube relacionados con cinema e videoxogos que tiveran un enfoque divulgativo”, lembra Gordillo.

Pero se por algo debe sacar peito este podcast é por esforzarse en lograr episodios atemporais e equilibrados, onde as mulleres encontran o seu espazo nun mundo tradicionalmente reservado para os homes. “Á parte de

que non estamos pendentes das tendencias, teñen moito peso as voces de Lara Portela, Rita Calvo, Ángela Triana ou Sara Gurdíel”, destaca con orgullo o seu creador.

### Exército Mekemeke, o primeiro programa en galego en optar a un Ondas

O *Exército Mekemeke* é un videopodcast producido por Carlos Vieito que naceu como “unha iniciativa para darlle pulo ao galego” que conta “cunha duración de media hora e que se publica semanalmente a través de Youtube ou Spotify”, explica Vieito. Do mesmo modo, é compartido en Instagram, X ou TikTok, redes sociais onde ten unha gran acollida por parte da sociedade galega. Despois de tres anos de bo facer, os mekemekes, como se lles coñece popularmente, lograron formar parte dos cinco programas nominados

a Mellor Podcast en Lingua Cooficial do Estado, xunto a producións de Eitb ou Catalunya Radio. O premio gañouno *Gent Normal*, de Catalunya Radio, por abordar o tema da saúde mental, pero a sensación de ter sido nominado quedará no recordo de Carlos Vieito. “Foi moi forte. A video reacción está gravada nun dos programas e véiseme até chorar. Non me podía crer que nos tiveran seleccionado”, lembra emocionado.

### O apoio das radios locais, fundamental

A programación das radios tradicionais satisfice a unha audiencia ampla, polo que os temas vénse na obriga de loitar uns con outros para atopar un espazo na grella. Por contra, os podcast apostan por contidos pensados para nichos máis concretos.

Esta nova tendencia de consumo chamou a atención dalgunhas radios locais galegas, que decidiron facerlle, con moi bo ollo, un oco nos seus estudos. Unha delas foi toda unha veterana como Radio Coruña. “Na Caden Ser realizara o control de son de múltiples formatos radiofónicos en directo como magacíns, informativos ou retransmisións de fútbol. Aos compañeiros da radio gustoulle a idea, así que comezamos a emitir un podcast en vídeo cada dous xoves na canle de YouTube de Radio Coruña”, explica Iago sobre os primeiros pasos dados por Recuncho Gamer para consolidarse.

Uns comezos semellantes tivo O *Exército Mekemeke*. “En Barcelona participei nun par de programas e gustoume moito o ambiente da radio. Cando volví para casa botábo de menos e vin unha publicación do Concello de Ames na que buscaban programas para a radio cidadá”, recorda Carlos. A día de hoxe, as bases destes dous programas de éxito xa non se atopan nos estudos destas emisoras, pero Gordillo di que sempre estará “moi agradecido” e Vieito só atopa boas palabras para a radio que lle brindou “unha primeira oportunidade”.

### Flexibilidade e conexión

Máis que calquera outro medio de comunicación, o podcast permite establecer certa intimidade co usuario. Os oíntes acostuman gozar dos podcasts en privado, cos cascos postos, o que consegue que a voz do locutor lles fale ao oído. Por outra banda, é un formato que os usuarios escolleron, a diferenza da radio, onde o locutor debe loitar contra a tentación do oínte de pasar a outra cadea.

Ademais, a este feito debe sumárselle, como comenta Iago Gordillo, que “o móbil é máis fácil de levar e de adaptar á rutina”. Un parecer que comparte Carlos Vieito, quen resalta outro punto a prol deste formato. “A escolla de gozar dos podcast penso que é algo moi xeracional. Non é o mesmo escoitar a un profesional da radio, ao que todos acudimos cando nos queremos informar, que buscar unha voz que nos entreteña. Non é máis que outra forma de comunicar, de conectar”, destaca. Unha nova maneira de participar que comeza a chegar ás institucións. De feito, en outubro, a Ministra de Sanidade, Mónica García, visitou o estudio de *La Cafetera* onde quixo resurxir o debate sobre o aborto, o cánnabis medicinal ou o estado da sanidade española.



FOTOGRAFÍA: AIGI BOGA  
Carlos Vieito, produtor do videopodcast Exército Mekemeke, nuha edición do Carballo Interplay

”  
O fenómeno  
do podcast en  
Galicia chegou  
para quedar  
e cada vez ten  
mellor acollida

